


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

4-5 de xullo do 2026

XIV SEMANA DO TEMPO ORDINARIO A



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ nº 4 *Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Na nosa sociedade actual temos moitos prexuizos para as persoas que non coñecemos, e sobre todo aquelas que son distintas a nós pola súa forma de ver a vida. Marxinamos aos estranxeiros por seren doutra terra, e por teren outra cor de pel. Marxinamos aos vellos por seren anticuados na súa forma de pensar e dicir. Desprezamos as xentes do rural por teren poucos medios e poucas oportunidades. Desprezamos as mulleres, polo seu sexo “feble”. Desprezamos e marxinamos aos pobres, aos famentos, aos refuxiados...

Como cristiáns, seguidores de Xesús, temos que actuar como El: “Achegádevos a min os que estades cansos e oprimidos e eu vos aliviarei”. Esa ten que ser a nosa actitude: deixar de lado os prexuizos e as marxinacións, e estar abertos a acoller e a estar á beira de quen necesita.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Estes tempos difíciles fan que nos deamos conta da importancia que ten compartir e acoller. Hoxe, con Xesús, queremos bendicir ao Pai dándolle grazas por todos os bens que nos concede, e pedímoslle perdón por non achegarnos aos que están asoballados e cansos:*

Monitor/a

- ✓ Perdón Señor polas veces que vivimos lonxe da actitude da acollida, a tolerancia e o respecto

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN

- ✓ Perdón Señor polas veces que non damos unha man, e viramos as costas ás persoas marxinadas e desprezadas na nosa sociedade

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN

- ✓ Perdón Señor polas veces que non damos exemplo da acollida na que viviu Xesús. Demasiadas veces deixamos de lado aos máis necesitados e esquecidos

PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN

Celebrante: *Deus Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón, e de todos eses homes, mulleres, nenos e nenas que sofren en Venezuela a dureza dun terremoto que se leva a vida. A todos o Señor confiamos nos concede o seu perdón e nos acolle e leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración confiando nas mans de Deus Pai as nosas preocupacións e os nosos medos. Acordámonos das xentes de Venezuela.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai,
pola vida do teu Fillo ti ofrécesnos unha man
cando nos sentimos decaídos.

Concédenos aos teus fieis a túa santa esperanza,
ti que nos liberaches da escravitude do pecado,
fainos partícipes da alegría da vida eterna.

Pedímoscho por Xesucristo, noso irmán,
que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *As Palabras do profeta Zacarías están cheas de esperanza. Chegan tempos nos que se imporá a paz entre as nacións. Oxalá.*

Xesús no Evanxeo promete achegarse, acoller e estar á beira de quen se sente asoballado e canso. Escoitemos

Leccionario I A páx 217 **Zac 9, 9-10**

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA ZACARÍAS

Relouca, filla de Sión,
grita de ledicia, filla de Xerusalén.
Velaí chega o teu rei,
é xusto e protexido do Señor,
humilde e montado nun burro,
sí, nun burriño fillo dunha burra.
Eu acabarei cos carros de Efraím
e cos cabalos de Xerusalén,
acabarase o arco de guerra
e El anunciará a paz ás nacións,
reinará desde un mar a outro mar,
desde o Éufrates ós confíns da terra.

Palabra do Señor

🎵 *nº Andarei na presenza do Señor* **SALMO**

(en pé) *Leccio I A páx 219* **Mt 11, 25-30** **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO


Daquela díxolle Xesús aos seus apóstolos:
- Bendito sexas, meu Pai, Señor do ceo e mais da terra,
porque lles escondiches estas cousas aos sabios e aos
prudentes e llas revelaches á xente humilde.

Si, meu Pai, bendito sexas por che agradar iso así. Meu
Pai ensinome todas as cousas e ninguén coñece ao Fillo
agás o Pai, nin coñece ao Pai agás o Fillo e aquel a quen
o Fillo llo queira revelar.

Achegádevos a min todos os que estades cansos e
oprimidos, que eu vos aliviarei. Cargade co meu xugo e
aprendede de min, que son bo e humilde de corazón e
atoparedes acougo para as vosas vidas; porque o meu
xugo é levadeiro e a miña carga liviá.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio
para acoller a palabra no corazón



Para pensar e ler a xeito de homilía

Xesús, que nos ensina hoxe?

** Ensina a manter o camiño da confianza porque con sinxeleza podemos achegarnos a Deus. Bendito sexas Pai, dicía Xesús, e nós achegámonos aquí para bendicir a Deus.*

** Este evanxeo tamén fala da coherencia de facer as cousas ben, estando á beira dos asoballados e cansos. Xesús víveo e nel atopamos un bo exemplo.*

Hoxe atopamos xente cansa e asoballada baixo a violencia da guerra, atopamos xente e cansa fuxindo da súa terra porque con medo non se pode vivir.

Atopamos tamén xente asoballada e cansa entre nós porque son persoas maiores que xa case non valen para nada nesta sociedade que logo os esquece e lle estorban.

Atopamos xente asoballada e cansa porque o rural non se valora. Non se apreza o xeito de vivir na aldea, e pouco a pouco vanse abandonando.

** Este evanxeo de hoxe tamén ensina a buscar acougo para as nosas vidas. Vivimos tempos de dor, e con Xesús o sufrimento faise máis levadeiro. El achégase e o peso da vida faise máis liviá.*

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Neste encontro parroquial, sabendo Pai que Ti sempre estás á nosa beira, despois de escoitar a Xesús, tamén nós queremos ser acolledores e por iso dicimos:*

 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Cremos en Deus, Pai e Nai que nos creou á súa imaxe, que nos ama a todas as persoas sen facer diferenzas?

 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Cremos en Xesús, que quixo compartir a nosa vida, que o fixo sentíndose irmán con todos, e que con palabras e feitos nos convida a acoller aos cansos e oprimidos?

 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Cremos no Espírito de Deus, que nos dá forzas para facer e sentirnos unha comunidade na que todos somos importantes e necesarios?

 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Credes na Igrexa, comunidade bendicida polo exemplo de tantos homes e mulleres que viven acollendo aos demais, sen importarlles a súa forma de pensar, vivir ou crer?

 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos a Deus Pai, que nos quere ben, se achega a nós e convídanos a que o fagamos mellor cos demais. Oremos dicindo:*

Señor, acóllenos contigo

Monitor/a:

✓ Pedimos pola igrexa para que supere a tentación de creerse mellor, e medre sementando paz, tolerancia, e igualdade. Oremos

✓ Pedimos polas persoas que están tiradas, que están deixadas de lado, e ás que poucos se achegan: refuxiados, maiores, enfermos. Oremos

✓ Pedimos polos pais e nais para que axuden a medrar aos seus fillos, non dende a competencia para ser máis que os demais, senón dende as actitudes da acollida, igualdade e respecto a todo e a todos. Oremos

✓ Pedimos por nós para que non calemos ante as violencias nas que malviven tantas persoas. Poñamos todos esforzos para a paz. Oremos

✓ E pedimos polas persoas que sofren en Venezuela por culpa dun terremoto que se levou a vida por diante. Oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe, coma sempre, estás á nosa beira escoitándonos e acolléndonos. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Como Xesús reza agradecido ao Pai no Evanxeo de hoxe, nós tamén o queremos facer sabéndonos acollidos nas súas mans agarimosas. Rezamos como o temos aprendido de Xesús*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús dámos paz coas súas palabras. Que nós saibamos dar esa mesma paz a todos aqueles que a sociedade ten menos en conta e se senten cansos da vida. Coma irmáns, e no bo facer que nos ensinou Xesús, compartimos un xesto de acollida e de paz.*



nº 38

Que medre a paz na nosa terra

COMUÑÓN

Celebrante: *Na nosa celebración da fe compartimos coma comunidade. Participar hoxe é amosar que somos acolledores con todos.*

Xesús non nos deixa sos, ao contrario, invítanos a achegarnos a el coas nosas canseiras.

Ditosos nós por poder participar na mesa do banquete do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 50 Na tardiña baixa da vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, dámosche as grazas por todas as persoas que no camiño da nosa vida son capaces de comprometerse de verdade estando á beira dos que máis problemas teñen.

Agradecemos a vida de quen di: “vinde a min todos os que estades cansados e agoniados que eu terei parte con vós”.

Grazas polo exemplo que nos das en Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén

Con Xesús queremos dar grazas pola vida sinxela das nosas aldeas

Con Xesús comprometémonos a vivir acollendo a quen o necesite

Con Xesús bendicimos a Deus Pai por revelarnos o seu Evanxeo, non aos sabios e poderosos, senón aos pequenos e humildes como celebramos hoxe.



“Achegádevos a min e atoparedes acougo e agarimo”
Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe.

Avísase das misas (ver folla do mes), e avisar que o martes 14 de xullo é a excursión para os nenos e nenas de Os Cotos.

Hai que dicirlllo aos párrocos ou catequistas

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Deámoslle grazas a Deus